

Bolsas de posgrao no estranxeiro 2020 da Fundación Barrié

Obxecto

Concesión de 10 becas para estudos de Máster con dedicación a tempo completo, en institucións estranxeiras de referencia internacional.

Os obxectivos do programa son facilitar o acceso á mellor formación científica, técnica e artística; proporcionar experiencias vitais nun contorno internacional e multicultural e contribuír ao desenvolvemento de vínculos académicos, sociais, empresariais e culturais, a través da Asociación de Bolseiros da Fundación Barrié, unha comunidade excepcional que acada o milleiro de profesionais de múltiples disciplinas en todo o mundo.

Requisitos

1. Ter a nacionalidade española.
2. Ter vinculación con Galicia, entendendo que existe tal vinculación cando concorra polo menos un dos seguintes supostos:
 - Solicitantes nados/as en Galicia
 - Solicitantes cun proxenitor nado en Galicia
 - Solicitantes empadroados nalgún dos concellos da Comunidade de Autónoma de Galicia como mínimo 2 anos inmediatamente anteriores á data de apertura da convocatoria.
3. Os/ as solicitantes deberán estar en posesión dun título universitario oficial
4. Os solicitantes deberán inscribirse en estudos conducentes á obtención dun título oficial de Máster e que se realicen en modalidade presencial, continua, diúrna, a tempo completo e no estranxeiro.
5. Acreditar un nivel mínimo de inglés e do idioma de traballo do centro de estudos de destino, cando devandito idioma non sexa o inglés, equivalente ao B2.

6. Ter iniciado os trámites de admisión no centro de destino antes do peche da convocatoria. No caso de que, ao peche da convocatoria, non se atope aberto o prazo de inscrición no centro para o vindeiro curso académico, deberase acreditar documentalmente a data exacta de apertura.
7. Para realizar estudos MBA (Master in Business Administration) deberán acreditar que a data de peche da convocatoria posúen a experiencia laboral mínima exixida porlo centro de destino que, en ningún caso, poderá ser inferior a 2 anos con adicación exclusiva.

Dotación

A dotación económica da bolsa será dun máximo de 50.000 € anuais, que se aplicarán total ou parcialmente, por esta orde, aos seguintes conceptos:

1. Matrícula do programa no centro de destino.
2. Dotación inicial única de 1000 € para gastos de viaxe e instalación.
3. Asignación mensual de 1.600 € en concepto de aloxamento, manutención.

Prazo de presentación de solicitudes

Ata as 12:00 horas do 10 de febreiro de 2020.